



Abel Andrés Otero proclámase Campión Provincial de Ourense de Percorridos de Caza

O pasado día 6 de xuño celebrábase no campo de tiro “Outeiro de Lermes” da Sociedade de Cazadores de Bande, o Campionato Provincial de Ourense de Percorridos de Caza 2009, organizado pola Federación Galega de Caza en Ourense en colaboración coa Sociedade de Cazadores de Bande.

A proba, que se disputaba sobre 100 pratos, contou cunha participación total de 15 tiradores. O gañador da proba tanto en categoría senior como en absoluta foi Francisco Javier Rivero Martínez que escachaba 73 dos 100 pratos. Segundo clasificado rematou Daniel Nuñez Español con 71 pratos escachados e o terceiro posto era para José Antonio Vasconcellos Vicente, que tamén escachaba 71 pratos na proba. O primeiro ourensán na proba era o veterano Abel Andrés Otero, no quinto lugar con 66 pratos escachados, quen se proclamaba Campión Provincial tanto en categoría veteranos como en absoluta.

Na categoría xuvenil quedaba primeiro Oscar Martínez Nieto, con 53 pratos escachados. En categoría veteranos gañaba o propio Abel Andrés Otero, mentres que segundo nesta categoría era Eliseo Faraldo Fernández, con 62 pratos escachados.

CLASIFICACIÓN PROVINCIAL			
Pos.	Participante	Provincia	Pratos escachados
1º	Abel Andrés Otero	OU	66
2º	Jorge Vázquez Iglesias	OU	66
3º	Eliseo Faraldo Fernández	OU	62
4º	Carlos Taboada Gómez	OU	59
5º	Horacio Mondelo López	OU	55

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com